

SUBVENCIÓNS A PEQUENOS COMERCIANTES OU PROMOTORES DE COMERCIOS NO RURAL QUE SE ADHIRAN Á REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO

CONVOCATORIA	Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego. (Código de procedemento IN224A- presentación electrónica).				
Data de publicación	14/06/2010	Publicación oficial	DOGA nº 111	Corrección de erros	
Temática/s	Axudas ó pequeno comercio	Colectivos Beneficiarios	Pequenos comerciantes / promotores de comercios no rural	Prazo de presentación de solicitudes:	Ata 14/07/2010

Obxecto: A subvención regulada por estas bases ten por obxecto fomentar a adecuada dotación comercial no medio rural (oferta de produtos de primeira necesidade e servizo de hostalaría), así como promover a modernización dos establecementos situados en zonas rurais e a adhesión ao selo de Comercio Rural Galego. Trátase de subvencións públicas para a adecuación de novos establecementos comerciais, a rehabilitación e reforma dos existentes e mais a adquisición do equipamento preciso para a mellora nos servizos de pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego.

Colectivo beneficiario: Pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego. Para os efectos desta orde considéranse comercios rurais os situados en: a) Concellos de menos de 5.000 habitantes (a 1 de xaneiro de 2009). / b) Núcleos de poboación que non superen os 1.500 habitantes, situados en concellos de máis de 5.000 habitantes.

Actuacións subvencionables: Considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan levadas a cabo desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o límite do prazo de xustificación (30 novembro de 2010), as seguintes:

a) A adecuación de novos locais comerciais ou reforma e/ou ampliación dos existentes, nos cales a sala de vendas de comercio en réxime de autoservizo deberá ocupar como mínimo o 30% do espazo destinado ao público sempre que a superficie resultante non supere os 150 metros cadrados e teña unha superficie mínima de 30 metros cadrados de sala de vendas. b) A reforma da fachada da edificación onde se ache o establecemento. c) A adquisición do mobiliario do local comercial. d) O rótulo da Rede de Comercio Rural Galego. e) Adquisición do equipamento preciso para poder desenvolver a actividade.

Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as seguintes actuacións: a) A reforma ou a rehabilitación de dependencias non relacionadas coa actividade. b) A adquisición de locais e, en xeral, de bens inmobles. c) Os gastos de funcionamento da actividade. As obras e mais a compra de material deben ser executadas segundo o proxecto de obra validado pola Rede de Comercio Rural Galego. Para o cálculo do investimento subvencionable, o orzamento de execución material non será superior a 800 €/m².

Contía:

As subvencións consistirán nunha disposición en diñeiro a fondo perdido do 70% do investimento en activo fixo, cun máximo de 60.000 €, IVE excluído.

Prazo:

Ata o 14 de xullo de 2010 para presentación de solicitudes

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO:

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (XUNTA DE GALICIA)

- a) Páxina web da consellería: (<http://economiaeindustria.xunta.es>).
- b) O teléfono 981 54 55 94 e o fax 981 54 55 41 da dirección xeral.
- c) O teléfono da Rede de Comercio Rural Galego 900 10 20 94.
- d) O enderezo electrónico cei.dxcomercio@xunta.es.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

A nivel local:



Concello de MORAÑA
A.E.D.L.
Rúa 1, nº 2 – Santa Lucía 36660 (Moraña)
986 55 30 05 morana@concellos.depontevedra.es